

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 6 de setembro de 2016 pola que se conceden axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2016.

Por Orde do 13 de abril de 2016 (DOG do 29 de abril), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocou axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2016.

Reunida a comisión prevista no punto noveno da citada orde, de acordo coa proposta formulada por ela e de conformidade co punto décimo primeiro da orde de referencia,

RESOLVO:

Primeiro. Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás confederacións, federacións de pais de alumnos e ás asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial relacionadas no anexo a esta orde.

Segundo. Para facer efectivo o pagamento das axudas, os beneficiarios presentarán na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, Subdirección Xeral de Centros, Servizo de Xestión de Programas Educativos, antes do día 31 de outubro de 2016 a seguinte documentación:

a) A xustificación dos gastos realizados, mediante orixinais ou copias compulsadas de facturas, nóminas e outros documentos e a acreditación do seu pagamento. Non se admiten recibos como xustificación dos gastos.

b) Unha declaración actualizada do anexo II publicado na Orde do 13 de abril de 2016 (DOG do 29 de abril), pola que se convocan as axudas para o ano 2016.

Terceiro. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante o conselleiro de Cultura,

CVE-DOG: g33suiv6-ugc5-pbj9-9qp3-huq7xztwmch2



Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), ou ben poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

CIF	Confederación/Federación/APA Cee	Concello	Importe (€)
G15115165	CONFAPA (Confed. Galega APAS centros públ.)	A Coruña	9.831,00
G15098114	CONGAPA (Confederación Galega de APAS)	A Coruña	8.729,00
G70416557	Confederación ANPAS galegas	Santiago de Compostela	9.499,00
G15042617	Federación provín. APAS centros públicos	A Coruña	5.661,28
G15089857	FAPA Federación provincial de ANPAS privados	A Coruña	1.728,28
G27019140	FAPACEL (Feder. Prov. APAS cent. públ. Lugo)	Lugo	2.925,28
G27043389	FAPALUGO (Federación APAS provincial Lugo)	Lugo	1.576,28
G32009037	Federación prov. APAS cent. públ. As Burgas	Ourense	3.191,28
G15543242	FAPA Federación comarcal Concepción Arenal	Ferrol	910,00
G70366588	Federación C. Públ. A Costa da Morte	A Laracha	1.752,48
G70222195	Federación centros públicos Compostela	Santiago de Compostela	1.733,48
G15062839	FECAPA (Federación Central de APAS)	Santiago de Compostela	1.942,48
G36581841	Federación Estradense FESANPAS	A Estrada	1.258,48
G36743946	Federación Olívica Foanpas de Vigo	Vigo	2.379,48
G36959658	Federación APAS do Suroeste SURGAPA	Vigo	1.353,48
V15869431	APACE ASPANAES Castro Elviña	A Coruña	1.010,67
G15984990	APA CEE Ntra. Sra. del Rosario	A Coruña	1.010,67
G70313804	ANPA CEE María Mariño	A Coruña	1.010,67
G15412026	APA CEE Terra de Ferrol	Ferrol	1.010,67
G15747678	ANPA CEE Amicos	Ribeira	1.010,67
G70394531	ANPA Móvete CEE Manuel López Navalón	Santiago de Compostela	1.010,67
G15456908	ANPA A Barcia	Santiago de Compostela	1.010,67



CIF	Confederación/Federación/APA Cee	Concello	Importe (€)
G32411084	ANPA CEE Ilustre Mestre	Ourense	1.010,67
G32022774	ANPA CEE Miño	Ourense	1.010,67
G32202798	ANPA CEE O Pino	Ourense	1.010,67
G36130169	ANPA CEE Joaquina Sobrino	A Guarda	1.010,67
G36753895	APA La Ilusión del Valle Miñor CEE Juan María	Nigrán	1.010,67
G36152262	APA CEE Santísimo Cristo del Amor - ACEESCA	O Porriño	1.010,67
G36180768	APA CEE Juan XIII	Pontevedra	1.010,67
G36630614	APA CEE Menela	Vigo	1.010,67
G36812063	APA CEE Saladino Cortizo	Vigo	1.010,67
G36682102	APA CEE San Rafael	Vigo	1.010,67
G36131027	APA CEE	Vilagarcía de Arousa	1.010,67
G36024941	APA CEE Os Mecos	Vilanova de Arousa	1.010,67

CVE-DOG: g33suiv6-ugc5-pbj9-9qp3-huq7xztwmch2

